- d) A emisión de informe nos supostos de incumprimento, resolución e liquidación do convenio.

A comisión reunirase previa convocatoria pola Presidencia, por iniciativa propia ou a pedimento do Concello, nun prazo máximo de quince días hábiles dende a solicitude da súa convocatoria.

As funcións da comisión de seguimento non exclúen a competencia da Deputación para resolver de forma definitiva en vía administrativa as cuestións sometidas a informe da comisión, nos supostos en que esta non acade un acordo ao respecto.

SÉTIMA.- Incumprimentos e indemnizacións.

Os eventuais incumprimentos das partes respecto das súas obrigas fixadas neste convenio serán tratados e resoltos, de ser posible, na comisión de seguimento prevista na cláusula oitava.

En caso de incumprimentos acreditados, tras o procedemento contraditorio regulado no *artigo 51.2 c) da Lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público*, procederá a resolución do convenio o que levará consigo o pago dunha indemnización polos prexuízos causados que se acrediten e que sexan derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

OITAVA.- Modificación e resolución.

O convenio poderá extinguirse, durante a súa vixencia, por algunha das seguintes causas:

- a) O acordo unánime dos asinantes.
- b) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- c) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- d) Pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

As posibles modificacións deste convenio, acordadas de forma unánime polos asinantes, deberán formalizarse mediante a subscrición do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

NOVENA.- Natureza e xurisdición.

O presente Convenio ten natureza administrativa, quedando suxeito ás estipulacións contidas nel. Tramítase en cumprimento do disposto na *Lei 40/2015* e nos *artigos 5 e 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións*. Para resolver as dúbidas e incidencias que puideran xurdir na aplicación e execución do presente convenio serán de aplicación directa tanto a normativa de subvencións públicas (*Lei 38/2003* e *Lei 9/2007* se subvencións de Galicia) como a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015).

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para coñecer de todas aquelas cuestión litixiosas que poidan xurdir do mesmo.

2º.- Comprometerse a incluír nos orzamentos do exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense os créditos necesarios para cumprir coas anualidades dos gastos indicados.

3º.- Autorizar ao presidente da Deputación Provincial de Ourense a tramitación do convenio e cantos trámites sexan necesarios para a execución deste.

12º.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A ASUNCIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DOS SERVIZOS MÍNIMOS DO CONCELLO DOS BLANCOS.

O Sr. secretario di que tense que votar a inclusión deste punto na orde do día ao non ser ditaminado en comisión informativa e expón o contido da proposta da Presidencia.

Por unanimidade apróbase a súa inclusión na orde do día.

A continuación prodúcese as intervencións recollidas integramente no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do BNG (3) e de DO (2), e a abstención do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

A continuación prodúcese as intervencións recollidas integramente no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:

1º. Solicitalle ao Consello da Xunta de Galicia a autorización, ata o 14 de marzo de 2026, para a asunción pola Deputación Provincial de Ourense da prestación dos servizos mínimos obrigatorios de competencia do Concello dos Blancos que se relacionan:

- Abastecemento domiciliario de auga potable.
- Saneamento. Pavimentación de vías públicas e acceso a núcleos de poboación.
- Iluminación pública.

A Deputación Provincial asumirá, respecto dos servizos obxecto de dispensa, o exercicio de todas as facultades de ordenación e xestión dos ditos servizos, incluído as facultades de imposición e ordenación de taxas polos servizos, no caso de que estas procedan.

Os bens de dominio público afectos aos servizos obxecto de dispensa de titularidade do concello quedarán adscritos temporalmente á Deputación Provincial durante o período de dispensa, correspondendo á Deputación o exercicio dos actos de conservación, mantemento e

administración dos ditos bens. Os bens reverterán ao concello unha vez rematado o período de dispensa e as súas eventuais prórrogas.

A Deputación Provincial subrógase, por sucesión de empresa, como empregador do persoal laboral municipal adscrito aos servizos obxecto de dispensa, nas condicións xerais establecidas no artigo 44 do texto refundido do Estatuto dos traballadores. No momento en que cese a situación de dispensa, estes traballadores serán subrogados polo concello. Para estes efectos os acordos individuais ou colectivos que poida acadar a Deputación Provincial cos traballadores durante o tempo da dispensa que supoñan melloras das condicións laborais destes traballadores esixirán a previa aceptación expresa por parte do concello.

Ao abeiro do disposto no artigo 39.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a eficacia do presente acordo retrotráese á data de efectos do 14 de marzo de 2024. As razóns que xustifican esta medida excepcional son a necesaria articulación da cooperación e asistencia económica desta deputación ao concello, así como a concorrencia de causa xustificativa para a dita asunción, ao estar o concello nunha situación económica de grave risco financeiro, como queda acreditado nos expedientes con núm. 2020/2386Z e 2024/9710G, e na documentación remitida polo concello. A retroactividade é posible ao concorrer todos os requisitos establecidos no citado artigo 39.3 da LPAC, xa que o acordo produce efectos favorables para o concello interesado, xa que permite o mantemento da prestación dos servizos mínimos municipais incluídos na dispensa pola Deputación Provincial, e os supostos de feito necesarios existen na data a que se retrotrae a eficacia do acordo (solicitud en prazo do concello e aceptación pola Deputación Provincial mediante resolución da Presidencia, e o referido acordo non lesiona dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.

Con todo, a Deputación Provincial de Ourense poderá propoñer a prórroga sucesiva da asunción dos servizos para períodos de dous anos durante o período de vixencia do plan axuste do Concello dos Blancos no caso de que subsistan as causas que a motivaron e non existan fórmulas alternativas para garantir a prestación dos servizos no marco do plan de axuste.

2º. Establecer como condición para futuras prórrogas da asunción dos servizos mínimos municipais do Concello dos Blancos, a adopción polo concello, antes da data de finalización da presente dispensa dos acordos municipais procedentes e tendentes a:

- Incremento da cota tributaria do imposto sobre vehículos de tracción mecánica mediante a aplicación do coeficiente máximo recollido no artigo 95.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e supresión das bonificacións potestativas recollidas na ordenanza municipal deste imposto.
- Incremento do tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana ata o 0,9 %.
- Acordo de imposición e ordenación do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.
- Destinar a cantidade prevista a favor do Concello dos Blancos no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais da Deputación á amortización de débeda, ata o límite previsto nas bases reguladoras.
- Non conceder ningún tipo de subvención nin transferencia imputable ao capítulo 4º do estado de gastos do orzamento municipal.
- Tramitar, antes da data 31.07.2024, e asumir o pagamento das subministracións eléctricas seguintes:

ES0022000007168376WE	OV AGUIS, CONCELLO OS BLANCOS SN OS BLANCOS OURENSE 32634
ES0022000007126600AZ	ZN NOCEDO, CONC OS BLANCOS SN OS BLANCOS OURENSE 32632
ES0022000007168395AH	OV LOURESES 2, CONCELLO OS BLANCOS SN OS BLANCOS OURENSE
ES0022000004982923LY	OV OS BLANCOS JL BALTAR, SN OS BLANCOS OURENSE 32634
ES0022000008373852CE	OV NOVEAS, CONC OS BLANCOS SN OS BLANCOS OURENSE 32632
ES0022000004982944CG	OV COVELAS 1, CONC OS BLANCOS SN OS BLANCOS OURENSE 32634

3º. Aos efectos de seguimento das medidas indicadas no parágrafo anterior, constitúese unha comisión de seguimento, que terá carácter paritario e estará integrada por representantes políticos e técnicos do Concello e da Deputación, correspondendo a presidencia da comisión á Deputación Provincial. A secretaría da comisión – coas funcións propias de secretaría de actas – será exercida por un funcionario da Deputación Provincial, designado pola Presidencia. No non disposto neste acordo, será de aplicación ao réxime de funcionamento da comisión as normas sobre funcionamento dos órganos colexiados das administracións públicas recollidas nos artigos 15 a 19 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Son funcións da comisión o seguimento da execución do acordo, a emisión de informe sobre a interpretación do acordo, en caso de discrepancia entre as partes e a resolución de discrepancias entre as partes.

A comisión reunirase previa convocatoria pola Presidencia, por iniciativa propia ou a pedimento do Concello, nun prazo máximo de quince días hábiles dende a solicitude da súa convocatoria.

As funcións da comisión de seguimento non exclúen a competencia da Deputación para resolver de forma definitiva en vía administrativa as cuestións sometidas a informe da comisión, nos supostos en que esta non acade un acordo ao respecto.

4º. Axendarase a maior brevidade legal posible a posta en marcha destas medidas correctoras, propostas polos servizos técnicos da Deputación Provincial de Ourense, de tal xeito que todas elas estean xa operativas o 1 de xaneiro do ano 2025.

13º.- MOCIÓN DO BNG PARA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DA COMARCA DE VALDEORRAS.

D. Bernardo Varela López, do BNG, expón o contido da seguinte moción:

“A comarca de Valdeorras, conformada polos concellos da Rúa, A Veiga, O Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballada de Valdeorras, Larouco, Petín, Rubiá e Vilamartín de Valdeorras, é a segunda comarca máis poboada de Ourense. A pesares de ter perdido 1.924 habitantes nos últimos 10 anos, pasando dos 27.000 en 2014 a 25.076 en 2023.

A pesares do seu dinamismo económico, que permite que as cifras de paro na comarca se sitúen no entorno do 9% (e que melloran con respecto aos datos de hai uns anos), observamos con preocupación que segue habendo un desemprego estrutural de 1076 persoas á data do primeiro trimestre de 2024, e que afecta fundamentalmente a persoas maiores e a mulleres.

Este certo dinamismo económico pivota sobre o sector da lousa e do vitivinícola, aínda que sectores como a construción e sector servizos teñen unha grande relevancia.

O “illamento” nas comunicacións ten sido un lastre importante no despegue económico e social das terras de Valdeorras, xa que boa parte dos motores económicos dependen en boa medida da capacidade de desprazamento viario de mercadorías e bens de consumo, tamén

nas comunicacións ferroviarias, que constitúen unha problemática coa suficiente fondura que debe ser abordada en si mesma.

E aínda que as deficiencias nas vías de comunicación son moitas e moi variadas, aquí centrámonos nas que constitúen a principal pexa para o desenvolvemento da comarca de Valdeorras. Así atopámonos con problemas “endémicos” nas comunicacións, tanto interiores como cara ao resto das comarcas galegas e mesmo nas comunicacións co resto da península. En primeiro lugar cumpre sinalar a situación de abandono na que se atopa a N-120. A perigosidade en distintos tramos despois de anos de abandono, así como os problemas de seguridade viaria que isto xera, ten sido denunciado reiteradamente nos últimos anos. Trátase dunha estrada que precisa de forma urxente de investimentos en mantemento e da dotación orzamentaria adecuada para abordar a reforma do traxecto galego. A situación da N-120 no traxecto que discorre desde Valdeorras ata Ourense chegou ao límite tolerábel do mal estado. Sen esquecer que se trata dunha estrada que se quedou obsoleta para soportar o tráfico rodado. Actualmente, carece de capacidade para absorber a circulación diaria, non só polo seu mal estado, senón tamén pola escaseza de carrís de adelantamento, como por exemplo no tramo entre Ourense e Os Peares con 18 quilómetros de liña continua en dirección a Ponferrada. En sentido inverso, a liña continua esténdese durante 28 quilómetros no alto de Guitara. O Ministerio de Transporte aprobou en marzo de 2023 un proxecto de terceiro carril desde a cidade de Ourense ata a desembocadura do río Sil nun percorrido de 15 quilómetros pero a pesar de comprometerse a licitar as obras antes de terminar o ano, nada se fixo respecto diso. Tamén se atopan pendentes de concretar o acceso desde Vilela á Rúa e o acceso de Vilamartín.

En segundo lugar referímonos á A-76, que fai xa case 20 anos que se anunciou a súa construción como alternativa á N-120. Durante a presentación do Plan Director do Corredor Atlántico por parte do Ministro de Transportes e Mobilidade Sustentábel o 16 de maio na Coruña anunciouse un investimento no territorio galego de 4.561 millóns até o ano 2030. Con todo, no referido ao apartado de estradas bótase en falta a inclusión da A-76 Ourense-Ponferrada, unha vía fundamental para mellorar a comunicación coa comarca de Valdeorras, xa que o propio goberno do Estado admite que os únicos investimentos previstos na A-76 son os previstos en “fase de redacción” dos tramos Vilamartín de la Abadía-Requejo; Requejo-A Veiga de Cascallá; e A Veiga de Cascallá – O Barco de Valdeorras; o

que no mellor dos casos, deixaría á comarca sen conexión co resto de Galiza.

En terceiro lugar, a OU-533 é unha estrada que ten unha importante circulación por servir de eixo do oriente orensán, unindo a comarca de Valdeorras coa A-52 na Gudiña. O tránsito que soporta esta estrada non se corresponde coas súas características de estrada de montaña, principalmente no último tramo Viana do Bolo – A Gudiña, que precisa ser reformado con urxencia. Circulan por esta estrada moitos vehículos e grande número de mercadorías que se dirixen cara o norte de Portugal. Tamén inflúe no incremento do tráfico a estación da liña de AVE da Gudiña, que leva a moitas veciñas e veciños da comarca de Valdeorras a utilizar a dita vía. Estamos polo tanto ante unha vía de moito tráfico, con alto volume de tráfico pesado. Neste ano, en período preelectoral, a Xunta de Galiza fixo público unha nova na que se indicaba que se ía a redactar o proxecto de acondicionamento da estrada OU-533. Porén non foi até este mes de xullo cando o deputado do BNG, Secundino Fernández, conseguiu arrincar o compromiso ao PP para que a estrada OU-533 entre A Gudiña e A Rúa se arranxe na maior brevidade posible e o compromiso da Xunta de incluír unha partida específica nos orzamentos de 2025 para executar as obras. Unhas obras e uns fondos que, a pesar da importancia para Valdeorras, xa foron demorados inxustificadamente, polo que as institucións de Ourense deben recalcar a importancia de cumprir estes acordos acadados no parlamento galego.

E en último lugar, no que respecta ás estradas competencia da Deputación Provincial de Ourense, a carencia máis sonada é o acceso a San Vicente (OU-0807), pechada ao tráfico desde 2022 e que é un importante vial de servizo para o concello de Vilamartín de Valdeorras. Por todo o anterior, o Grupo Provincial do BNG solicita ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos: 1. Esixir da Xunta de Galicia que a contratación das obras para o arranxo da OU-533 se faga na maior brevidade posible, a ser posible antes do remate de 2024 e que se inclúa unha partida nos orzamentos de 2025 para acometer o proxecto de acondicionamento da estrada OU-533. 2. A Corporación Provincial da Deputación de Ourense insta ao Goberno do Estado a realizar os investimentos e obras precisas para: a. Levar a cabo unha mellora integral do firme da N-120 no tramo entre A Barosa e Ourense e nomeadamente na Comarca de Valdeorras. b. Facer os traballos precisos de limpeza de biomasa nos noiros da N-120, priorizando os núcleos habitados, para cumprir cos requisitos de limpeza de fincas recollidos na Lei 3/2007, de 9 de abril, de

prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza. c. Facer un estudo pormenorizado dos principais puntos negros da estrada no referido aos choques con fauna salvaxe e realizar peches perimetrais neses puntos para diminuír drasticamente o acceso de animais á N-120. d. Executar sen demora o acceso á Rúa desde a N-120 e o acceso a Vilamartín. e. Destinar os fondos precisos dentro dos Orzamentos Xerais do Estado de 2025 para realizar todas estas actuacións. 3. Instar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel e ao goberno do Estado a por en marcha e sen máis demoras o orzamento preciso para a execución da A-76. 4. O Pleno da Corporación Provincial de Ourense insta ao goberno provincial desta Deputación a dispor os medios e os fondos para o arranxo do acceso a San Vicente a través da OU-0807 en Vilamartín de Valdeorras”.

A continuación prodúcese as intervencións recollidas integramente no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (3), do Grupo Popular (12) e de DO (2), e a abstención do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Esixir da Xunta de Galicia que a contratación das obras para o arranxo da OU-533 se faga na maior brevidade posible, a ser posible antes do remate de 2024 e que se inclúa unha partida nos orzamentos de 2025 para acometer o proxecto de acondicionamento da estrada OU-533.
2. A Corporación Provincial da Deputación de Ourense insta ao Goberno do Estado a realizar os investimentos e obras precisas para:
 - a. Levar a cabo unha mellora integral do firme da N-120 no tramo entre A Barosa e Ourense e nomeadamente na Comarca de Valdeorras.
 - b. Facer os traballos precisos de limpeza de biomasa nos noiros da N-120, priorizando os núcleos habitados, para cumprir cos requisitos de limpeza de fincas recollidos na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza.
 - c. Facer un estudo pormenorizado dos principais puntos negros da estrada no referido aos choques con fauna salvaxe e realizar peches perimetrais neses puntos para diminuír drasticamente o acceso de animais á N-120.
 - d. Executar sen demora o acceso á Rúa desde a N-120 e o acceso a Vilamartín.
 - e. Destinar os fondos precisos dentro dos Orzamentos Xerais do Estado de 2025 para realizar todas estas actuacións.

3. Instar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel e ao goberno do Estado a por en marcha e sen máis demoras o orzamento preciso para a execución da A-76.
4. O Pleno da Corporación Provincial de Ourense insta ao goberno provincial desta Deputación a dispor os medios e os fondos para o arranxo do acceso a San Vicente a través da OU-0807 en Vilamartín de Valdeorras.

14º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA ÁS DIFICULTADES QUE SE ATOPAN OS CONCELLOS NA APLICACIÓN DA LEI DE PROTECCIÓN DOS DEREITOS E DO BENESTAR DOS ANIMAIS.

D. José María Lago Cabo, do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

“Como di o preámbulo da propia Lei, cada día resulta máis evidente en todo o país a crecente sensibilización da cidadanía ante a necesidade de garantir a protección dos animais en xeral e, particularmente, dos animais que viven na contorna humana, en tanto que son seres dotados de sensibilidade cuxos dereitos deben protexerse, tal e como recollen o artigo 13 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e o Código Civil español.

O concepto de «benestar animal», definido pola Organización Mundial de Sanidade Animal como «o estado físico e mental dun animal en relación coas condicións nas que vive e morre», vén sendo recollido en profusa normativa, tanto nacional como internacional; así, o citado artigo 13 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea sinala que ha de terse en conta que os animais son seres sensibles ao formular e aplicar as políticas da Unión en materia de agricultura, pesca, transporte, mercado interior, investigación e desenvolvemento tecnolóxico, etc.

Tamén, o Código Civil dispón a obrigação do propietario, posuidor ou titular de calquera animal de exercer os seus dereitos sobre el e os seus deberes de coidado, respectando a súa calidade de ser sentinte e o seu benestar, conforme ás características de cada especie e as limitacións establecidas nesta e as demais normas vixentes.

O principal obxectivo desta lei non é tanto o garantir o benestar dos animais avaliando as condicións que se lles ofrecen, senón regular o recoñecemento e a protección da dignidade dos animais por parte da sociedade. Por tanto, non regula aos animais como un elemento máis dentro da nosa actividade económica aos que se deban unhas condicións pola súa

capacidade de sentir, senón que regula o noso comportamento cara a eles como seres vivos dentro da nosa contorna de convivencia.

Esta lei ven acompañada de unha serie de accións que teñen que levar a cabo todos os concellos, como son:

- Referente os animais extraviados; atribúese aos concellos a recollida de animais extraviados e abandonados e o seu aloxamento nun centro de protección. Para iso deberán contar cun servizo de urxencia para a recollida e atención veterinaria destes animais, dispoñible as vinte e catro horas do día.*
- Referente o aloxamento e coidados; os concellos deberán ter Centros Públicos de Protección Animal.*
- Referente a espazos públicos e praia; os concellos deben promover o acceso a praias, parques e espazos públicos de animais de compañía que non constitúan risco para as persoas, outros animais ou as cousas.*
- Referente aos transportes públicos e privados; os concellos facilitarán a entrada de animais de compañía que non constitúan un risco para as persoas.*
- Sancións; as ordenanzas municipais poderán introducir especificacións ou gradacións no cadro das infraccións e sancións tipificadas na Lei.*

Especial atención, atendendo a idiosincrasia do rural galego, a teñen as colonias felinas, xa que a propia lei especifica que corresponde aos concellos a xestión dos gatos comunitarios, a cuxos efectos deberán desenvolver programas de xestión que incluírán, polo menos, os aspectos recollidos no art 39 (entre eles, o mapeo e censo dos gatos do termo municipal, para unha planificación e control

nas esterilizacións acorde ao volume de poboación, identificación obrigatoria mediante microchip, etc).

Pero todas estas medidas que a nova Lei -promovida polo “Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030”, sen contar cos criterios de profesionais sanitarios do sector nin coas recomendacións da FEMP- lle exige os concellos, non están dotadas de partidas orzamentarias, polo que son os propios concellos os que teñen que soportar todos os custos da aplicación da nova normativa, levando a estes a situacións económicas verdadeiramente complexas. Tal e como están as arcas municipais, con todas as competencias que teñen

atribuídas, chegando nos casos máis extremos a verse na necesidade de suprimir servizos para os propios cidadáns para atender a devandita lei.

Todos estamos de acordo na necesidade de garantir o benestar dos animais, pero desde o Goberno de España teñen que ser conscientes de que para a correcta aplicación dunha norma deste calado, esta ten que vir acompañada da partida orzamentaria correspondente, porque todos sabemos o altísimo custe que supón a súa aplicación e así permitir o seu desenvolvemento aos concellos, sen precarizar o resto dos servizos municipais.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes acordos: 1. Instar ao Goberno de España a que dote orzamentariamente aos concellos dunha partida para o desenvolvemento e aplicación da Lei de protección dos dereitos e benestar dos animais, en base a criterios obxectivos baseados nun censo sobre os animais domésticos que viven no concello, atendendo o tipo de especie, o estado (abandonado, libre, en explotación), idade, etc... 2. Instar ao Goberno de España a modificar a devandita lei para emendar as carencias observadas, atendendo os criterios dos profesionais sanitarios do sector e das recomendacións feitas pola FEMP”.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen integramente no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación o acordado durante o debate do asunto, e co voto favorable do Grupo Popular (12), do BNG (3) e de DO (1), e o voto en contra do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar ao Goberno de España a que dote orzamentariamente aos concellos dunha partida para o desenvolvemento e aplicación da Lei de protección dos dereitos e benestar dos animais, en base a criterios obxectivos baseados nun censo sobre os animais domésticos que viven no concello, atendendo ao tipo de especie, ao estado (abandonado, libre, en explotación), idade, etc...
2. Instar ao Goberno de España a modificar a devandita lei para emendar as carencias observadas, atendendo aos criterios dos profesionais sanitarios do sector e das recomendacións feitas pola FEMP.

15º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA MANTER O ACTUAL CANON POR TONELADA DE RESIDUOS XESTIONADA QUE PAGAN OS CONCELLOS A SOGAMA E AVANZAR CARA NOVAS FÓRMULAS DE XESTIÓN DE RESIDUOS

MÁIS RESPECTUOSAS DO MEDIO AMBIENTE.

D^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

“A Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama), que é unha empresa pública autonómica participada á altura dun 51% pola Xunta de Galicia e dun 49% por Naturgy Renovables S.L.U., ten por obxecto a xestión sustentable dos residuos de 295 concellos galegos que abrangue unha poboación de máis de 2.242.000 habitantes a través da aplicación da denominada “estratexia dos tres erres” (redución, reutilización e reciclaxe), que complementa coa recuperación enerxética da parte non reciclábel. Sogama estableceu en 2019 unha bonificación do 10% no canon do lixo para os municipios que se comprometeran coa redución do volume de lixo e envases lixeiros, repercutindo esta rebaixa nos recibos da veciñanza. Desta iniciativa beneficiáronse o groso de concellos galegos que, no seu momento e de xeito paulatino, foron quen de diminuír as cantidades de ciscallos xeradas, observando as preceptivas esixencias medioambientais e evidenciando o bo funcionamento duns incentivos que redundaban nunha baixada significativa da factura dos fogares.

Porén das bondades dos resultados, a Lei 7/2022, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que acompañaba aos orzamentos de 2023, abre a porta á supresión da bonificación na contía do canon unitario do tratamento por tonelada. A revogación dos descontos queda supeditada ás “circunstancias económicas da Sociedade Galega do Medio Ambiente (...) por cumprir os obxectivos orzamentarios e as previsións do seu plan de viabilidade”, albiscándose xa a eventualidade de ampararse no aumento dos custos de luz e gas das súas instalacións para derrogar a bonificación. A resposta social e as protestas enarboradas polos concellos diante do eventual recorte fixo recuar ao goberno galego, que viu de rectificar substituíndo a súa inicial intención por unha bonificación do 15% condicionada desta volta, de xeito específico, ao traslado aos recibos da rebaixa á veciñanza e á implantación do contedor marrón, destinado aos residuos orgánicos de procedencia doméstica.

O consello de administración de Sogama aprobou o pasado 25 de xuño unha “actualización do canón” que factura a 295 concellos galegos pola xestión do seu lixo, pasando a cobrar 66,01 euros por tonelada e anunciando unha suba até os 78 euros por tonelada para o exercicio 2025. A Consellería de Medio Ambiente insiste que, aínda coa actualización, o canon de Sogama “segue a ser o máis barato de España” e imputa o incremento a

“sobrecustos derivados de impostos estatais”. Segundo a lóxica do executivo comunitario, o aumento do canon e a desaparición do desconto do 15% é consecuencia directa da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que, segundo a Xunta, fai que a planta de Cerceda teña que afrontar millonarios sobrecustos por mor dos impostos estatais, descargando a responsabilidade no goberno central.

En realidade, a Lei 7/2022 ven de adecuar o marco regulatorio español a unha directiva comunitaria de 2018, que grava a incineración e o depósito en vertedoiro ao estimar que son as fórmulas medioambientalmente menos recomendables para a xestión de residuos, sendo estas nas actualidade son as formas privilexiadas por Sogama: 60% incineración e 21% vertedoiro. Polo tanto, Sogama asume a totalidade do imposto estatal, que deriva dunha directiva europea, pola súa obsoleta xestión dos refugалlos, non tendo mudado un ápice o modo de tratamento dos residuos desde 2010. E malia a nova realidade impositiva, os orzamentos 2024 da Xunta de Galicia contemplan un remanente de tesourería de 6.489.577 euros e contemplan beneficios cara o final do exercicio, non sendo certo en xeito algún que Sogama sexa deficitaria. A Xunta non está a respectar as recomendacións europeas no referente á xestión de residuos, o cal redunda nun incremento no pagamento de taxas e fai que Galicia se sitúe lonxe de cumprir cos obxectivos de redución e reciclaxe establecidos.

*Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**: PRIMEIRA.- Que a Deputación de Ourense inste á Xunta de Galicia a manter o canon actual que pagan os concellos adscritos a Sogama de 66 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente do IVE, amais de salvaguardar a actual bonificación do 15% deste canon unitario cos mesmos requisitos que rexeron até o de agora, resultando así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente do IVE. SEGUNDA.-. Que a Deputación de Ourense inste á Xunta de Galicia para a implantación de medidas urxentes para avanzar cara unha xestión descentralizada dos residuos con plantas de proximidade, privilexiando a redución e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiro, que son as fórmulas empregadas por Sogama que derivan, en último termo, nas acentuadas subas no pagamento de impostos”.*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen integramente no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción por puntos por acordo de todos os grupos políticos.

Sométese a votación o punto primeiro que é aprobado co voto favorable do Grupo Socialista (7), do BNG (3) e de DO (1) e a abstención do Grupo Popular (12).

Seguidamente sométese a votación o punto segundo que é aprobado por unanimidade.

Polo exposto o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Que a Deputación de Ourense inste á Xunta de Galicia a manter o canon actual que pagan os concellos adscritos a Sogama de 66 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente do IVE, ademais de salvagardar a actual bonificación do 15% deste canon unitario cos mesmos requisitos que rexeron ata o de agora, resultando así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente do IVE.

SEGUNDO.- Que a Deputación de Ourense inste á Xunta de Galicia para a implantación de medidas urxentes para avanzar cara unha xestión descentralizada dos residuos con plantas de proximidade, privilexiando a redución e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiro, que son as fórmulas empregadas por Sogama que derivan, en último termo, nas acentuadas subas no pagamento de impostos.

16º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

17º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

- Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de xuño de 2024.

- Dáse conta das modificacións realizadas no Plan CooperoOU a instancias dos concellos.

Os membros da Corporación quedan informados.

18º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as intervencións que se recollen integramente no punto 18º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 18º](#)

E, ás 14.18 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

DILIXENCIA:

De acordo coa normativa aplicable, artigo 109 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), e artigo 2 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, **a presente acta esténdese en documento electrónico e incorporando o arquivo audiovisual da sesión, mediante o sistema de vídeo acta.**

A acta consigna os seguintes extremos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos, e os membros que se escusaron, orde do día, contido dos acordos alcanzados, no seu caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros. Ademais do anterior, a acta incorpora o arquivo audiovisual da gravación da sesión, contendo a literalidade das intervencións, así como a sinatura electrónica da persoa que ostenta a Secretaría do pleno, que dota de fe pública e efectos de dereito ao documento, e da persoa que exerce a Presidencia.

Para os efectos do previsto no artigo 2.4 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, e artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), **por medio deste escrito CERTIFICO a autenticidade e integridade do ficheiro da gravación contido na presente acta.**

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url

<https://depourense.seneca.tv:443/s/fbNSbssSmnlajh8YhaJOubRVRtc6Gt76cTl7BQErjw6SveUn.wmv>

SHA512

50539613cd27910aa2cd61ea07e72d984812784906d878525dc6d754a8713aeaeaff07caf8b9f90c91ddf910b85fc7a60d5c367dc65975e6dc73140cc808d40e

